

Cómaros. Revista Interdisciplinar de
pensamento Galego

FILOSOFÍA FRATRIARCAL

FRATRIARCAL PHILOSOPHY



ANDRÉS ORTIZ-OSÉS

UNIVERSIDADE DE DEUSTO

Recibido: 10/02/17 Aceptado: 12/03/17



Cómaros. Revista Interdisciplinar de Pensamento Galego is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-CompartirIgual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/).

Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

Na miña escritura aforística ofrécese libremente unha filosofía hermenéutica de signo co-implicativo, baseada na dialéctica dos contrarios, interpretada coma “dualéctica” dos opostos compostos. En troque do raciocinio clásico comparece alí o “relaciocinio” coma método de mediación dos contrastes, a través dunha linguaxe hermenéutica de carácter dialóxica e simbólica.

A conclusión de semellante co-implicacionismo simbólico é unha filosofía do sentido e do sentido, da vida e da morte, de Deus e o diaño, da positividade e a negatividade existencial entreverada ou co-implicadas. Todo elo conleva un pensamento ambivalente ou de dobre valencia, atravesado pola contra-dicción que obtén a súa articulación nun logotipo diacrítico de carácter aferente ou asuntivo, sintético e re-mediador.

Por todo elo, a aforística representa a miña ironía pos-socrática, o eido no que problematizo saberes e cuestiono sabores, onde dilucido a miña escuridade e aclaro a miñas sombras, xa que a aforística é o foro do que carece de fuero, o ágora do que non ten aforo, a comunicación do incomunicado por excomunicado.

Dende esta filosofía relacional, a aforística concíbese coma un relaciocinio relativizador de absolutos, coma un relacionismo correlativizador de contrarios e coma se fose unha rede lingüística de urdime tramada e de signo dramático. En efecto, o aforismo que cultivo non é tráxico ou traumático, pero si é traxicómico ou tramático, xa que coimplicar os opostos é afrontar a contradicción real e resolve-la en contradicción simbólica ou surreal.

O exemplo paradigmático que solo propor é que a vida é amor e morte, coexistencia de eclosión e oclusión, de expansión e impansión, como sinala a física actual. Eu denomino a esta coalescencia “amors”, amor e desamor, afirmación e negación, ser e baleiro. Esta mesma simbólica atopámo-la en Deus, que é a luz (*dieus*) ensombrecida polo diaño, símbolo da síntese corroída pola analítica diañeira.

Culturalmente esta xuntanza dos contrarios comparece tradicionalmente no mito do heroe e o dragón, onde o suposto bo heroe resulta aguerrido e draconiano, armado ata os dentes pero amado pola princesa presa, mentres se enfrenta a un dragón espido, desarmado e desamado cruelmente pola propia princesa. Unha loita desigual que hoxe consideramos inxusta, xa que o vello heroe do ben resulta agresivo fronte ao vello dragón do mal agredido por aquel.

Nosa propia proposta alternativa a semellante contradicción dos contrarios é reconvertelos en contra-dicción, cuxa solución non é a violencia se non a paz, o empazamento ou empatamento dos devanditos opostos. A coimplicación dos opostos exprésanse dun xeito romántico como o amor dos contrarios do que está feita a propia vida, así como dun xeito ilustrado, como o facerse irmáns dos opostos compostos pola súa propia coexistencia.



Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

A presenza radical dos contrarios foi avisada pola filosofía oriental de Laotse y pola filosofía occidental de Heráclito, penéirase na filosofía platónica arribando a Nicolás de Cusa, e recíclase na dialéctica que enriba de Hegel e socios. No día de hoxe é a física cuántica a que traballa con semellante dialéctica ou dualéctica dos contrarios, ao tempo que o Círculo de Eranos ten ofrecido unha aportación hermenéutica xa insubstituíbel.

Unha nova perspectiva ábrese co esta revisión do dualismo clásico e a crítica ao seu maniqueísmo tradicional. É unha perspectiva perspectivística e non illacionista, como quería Ortega, unha cosmovisión ecuménica e medial, unha concepción transversal da realidade na súa articulación o *Logos*, traducido por Heidegger como xuntanza. A reunión baixo o símbolo dun ser que non se traduce a ente, cousa ou entidade, se non que atravesa os seres ou entes coma a súa xunción ou conxunción (*copula entis*).



Deste xeito a aforística convértese nunha linguaxe de proliferación ou diseminación, para dicilo co Derrida, pero que volve dun xeito (i)remediábel á xunción ou xuntura do ser, o cal defínese coma o mesmo pero diferenciado, a identidade diferida a ferida (didentidade), a cópula enerxética ou surreal do ser, e xa non a cúpula eidética ou irreal dunha idea (abstracta). Inspirados polo Nietzsche menos tolo e máis lúcido, chamamos a esta cópula do ser “sentido” (consentido ou convivido), e xa non a cúpula da verdade dogmática.

Agora o mundo é menos certo e máis incerto, máis ambiguo pero máis vivibel, máis complexo e menos simplexo. La coexistencia non é xa o un contra o outro se non este/isto con aquel/aquelo, non so se non tamén (acompañado), mediación radical de

extremidades, curación, casación, de opostos compostos. Agora a auténtica mendriña cultural non trata de salvar a parte fronte ao todo ou viceversa, se non de encaixar a parte no todo e recalar/recuar o todo na parte. Trátase de afirmar a vida e asumir a morte, de proxectar a Deus contrapunteado polo diaño, de promover o heroe para salvar ao dragón.

O relato bíblico da irmandade de Caín e Abel pódenos servir de modelo hermenéutico do que estamos a dicir. No comezo era a irmandade, pero era unha irmandade fraticida. Caín mata a Abel, e Deus pide explicacións ao asasino –o malo da película– sobre o asasino do seu irmán o bo. É unha reacción xusta propia do Deus xusticeiro



Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

do Antigo Testamento, que dende o principio apoia ao ben fronte ao mal, a Abel contra Caín, ao heroe relixiosos *versus* ao antiheroe irrelixioso.

Pero curiosamente esta mentalidade xusticeira fica emendada e complementada no Novo Testamento, no cal Xesús predica e practica non a pura/puritana xustiza se non a empura misericordia e o perdón, o amor, até o punto de colocar no primeiro termo evanxélico ao pecador fronte ao xusto, ao malo *versus* ao bo, á ovella perdida e ao doente fronte ao san. O Deus de Xesús preocúpase por Caín e xa non por Abel, polo fillo pródigo e non polo seu irmán maior, pola salvación e redención do irredento e non polo xusto, o santo.



A vella pregunta do vello Deus xusto a Caín o é por Abel –onde está teu bo irmán–. A nova pregunta do Deus amor o é a Abel por Caín: onde está teu irmán o malo. Por que en efecto, o problema é Caín e non Abel, Caín é o que precisa axuda, representa ao mal en toda sociedade, é o antiheroe draconiano o monstroso fronte ao heroe moral entronizado. No cristianismo importa máis o mal común/comunitario que o ben común (burgués).

En definitiva é a irmandade de Caín e Abel o que é preciso reconstruír, a irmandade dos contrarios, o apoio non so ao bo de Abel se non ao malo de Caín, a apertura de Abel a Caín para que este se poida abrir a aquel, a fratria ou fraternidade, o



Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

fratriarcado ou fratriarcalismo non no seu sentido idealista ou idílico, se non no sentido radical de irmandade dos opostos compostos.

Pois o que aquí se está a recompoñer é o humano, e o humano dista tanto do suprahumano o divino coma do infrahumano, animal ou diañolento. O home é a mediación do divino e o diabólico, o punto de encontro entre a transcendencia e a imanencia, a síntese do celeste e o terrestre. O home é a encarnación e personificación da cópula do ser, en canto xuntanza de contrastes e conciencia do inconsciente, en canto síntese de arriba e abaixo, dereita e esquerda, exterior e interior. O home é Hermes en canto encrucillada de Dioniso e Apolo: a alma mediadora e medidora do mundo.

